

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, ALIMENTACIÓN E MEDIO AMBIENTE

8756 *Real decreto 335/2016, do 23 de setembro, polo que se prorroga a situación de seca declarada para o ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Xúcar polo Real decreto 355/2015, do 8 de maio, e para o ámbito territorial da Confederación Hidrográfica do Segura polo Real decreto 356/2015, do 8 de maio.*

A escaseza de recursos hídricos en 2014/15 no ámbito territorial das confederacións hidrográficas do Xúcar e do Segura conduciu á declaración de seca aprobada polos reais decretos 355/2015, do 8 de maio, e 356/2015, do 8 de maio, no marco das medidas adoptadas polo Goberno para paliar a situación de seca que se estaba a sufrir con especial intensidade nestas zonas.

Ambos os reais decretos tiñan unha vixencia temporal ata o 31 de decembro de 2015, pero dado que a situación non mellorara nesa data, a declaración de seca prorrogouse pola disposición adicional terceira do Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental, ata o 30 de setembro de 2016.

No caso da Demarcación Hidrográfica do Xúcar, a situación dos distintos sistemas de explotación desde aquela data foi desigual. Así, naqueles sistemas cunha menor dependencia dos recursos superficiais, o índice de explotación e, en consecuencia, o estado mellorou lixeiramente grazas ás precipitacións rexistradas desde entón. Porén, as precipitacións durante o presente ano hidrolóxico vólvense situar por debaixo da media, o que motivou unha diminución dos recursos encorados nas principais infraestruturas de regulación da Confederación, polo que os índices de explotación dos sistemas de explotación con maior dependencia dos recursos superficiais tenden a diminuír. Os casos máis singulares son os sistemas Turia e Xúcar. Así, ben que o sistema de explotación Turia continúa en situación de prealerta, o sistema de explotación Xúcar, que atende as principais demandas urbanas e agrícolas da Demarcación, estivo de xaneiro a xuño en estado de prealerta. Debe igualmente destacarse a preocupante situación que atravesan o sistema Marina Baja, que entrou en estado de emerxencia no mes de xuño, e o sistema Serpis, que só abandonou a situación de emerxencia durante os meses de decembro de 2015 e xaneiro de 2016. É especialmente preocupante a situación dos abastecementos dependentes do Consorcio de Augas da Marina Baja, entre os cales se encontra a poboación de Benidorm, así como a situación das poboacións da Marina Alta.

No caso da Demarcación Hidrográfica do Segura, cómpre destacar que esta se constitúe como un sistema de explotación único, con dous subsistemas principais, o de bacía e o do transvasamento. Da análise da situación de ambos obsérvase que, ben que o que motivou inicialmente a declaración de seca foi o estado en que se encontraban os aproveitamentos vinculados ao transvasamento Texo-Segura, esta situación de escaseza empeza a afectar tamén na actualidade as explotacións que dependen dos recursos propios da bacía.

A falta de precipitacións no que levamos de ano hidrolóxico no conxunto da bacía (unha media de 130 l/m²) motivou un descenso tanto da achega aos encoros como do volume que estes almacenan, o que levou o indicador de estado correspondente ao subsistema bacía desde a normalidade á prealerta. Neste sentido, pódese afirmar que as augas subterráneas e os aproveitamentos sen regulación que se abastecen das cabeceiras do río Segura e dos seus afluentes veñen soportando un déficit de precipitacións na bacía durante este ano superior ao 50 % da súa media histórica, como consecuencia dunha

pluviometría no que vai de ano de arredor de 130 mm fronte a un valor medio anual de 365 mm.

Pola súa parte, o indicador de estado do subsistema transvasamento mantívose durante practicamente a totalidade do último ano en situación de emerxencia, e chegou a alcanzar o pasado xaneiro un valor de 0,02 nunha escala de 0 a 1. Mesmo cando a partir dese mes se produciu unha certa recuperación, como consecuencia do aumento de precipitacións na cabeceira do Texo, mantense a día de hoxe a situación de alerta.

En relación co subsistema transvasamento será necesario observar, en todo caso, o establecido na disposición adicional quinta, «reglas de explotación do transvasamento Texo-Segura», da Lei 21/2015, do 20 de xullo, de montes, dado o seu carácter de réxime xurídico prevalente, de modo que a declaración de seca que agora se prorroga non derroga nin permite a inaplicación do réxime especial previsto na dita lei, que será obrigada aplicación nas distintas situacións que se poidan producir.

O estado global da bacía, que aglutina os dous subsistemas referidos, o de bacía e o transvasamento, está na actualidade en situación de prealerta e é previsible que nos próximos meses volva entrar na situación de alerta, situación en que se mantivo durante a maior parte deste último ano.

Por todo o exposto anteriormente, cómpre prorrogar novamente as medidas extraordinarias recollidas nos reais decretos 355/2015 e 356/2015 ata a finalización do ano hidrolóxico 2016/17, en previsión de que esta situación de seca se prolongue ao longo do tempo.

A prórroga da declaración de seca realízase neste real decreto en cumprimento do disposto no artigo 27 da Lei 10/2001, do 5 de xullo, do Plan hidrolóxico nacional, e tendo en consideración o estado dos sistemas de explotación de ambas as demarcacións segundo o Sistema global de indicadores hidrolóxicos do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que integra os indicadores de estado definidos nos plans especiais de actuación en situación de alerta e eventual seca nas bacías intercomunitarias, aprobados segundo a Orde MAM/698/2007, do 21 de marzo, en cumprimento do establecido na Lei 10/2001, do 5 de xullo, antes mencionada.

Na elaboración deste real decreto foron oídas as confederacións hidrográficas do Segura e do Xúcar, así como todas as comunidades autónomas que poidan resultar afectadas.

Dado o carácter de urxencia que reviste esta disposición, derivado das consecuencias que a situación de seca provoca, na súa elaboración abreviouse o trámite de audiencia, segundo o disposto no artigo 24.1.c) da Lei 50/1997, do 27 de novembro, do Goberno, ben que se tomaron en consideración cantas alegacións chegaron fóra de prazo. Así mesmo, resulta de aplicación o disposto no artigo 58 do Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de setembro de 2016,

DISPOÑO:

Artigo único. Prórroga da declaración de seca aprobada polos reais decretos 355/2015, do 8 de marzo, e 356/2015, do 8 de maio, para os ámbitos das confederacións hidrográficas do Xúcar e do Segura, respectivamente.

Prorrógase ata o 30 de setembro de 2017 a declaración de seca aprobada polos reais decretos 355/2015, do 8 de marzo, para o ámbito da Confederación Hidrográfica do Xúcar, e 356/2015, do 8 de maio, para o ámbito da Confederación Hidrográfica do Segura, e prorrogada polo Real decreto 817/2015, do 11 de setembro, polo que se establecen os criterios de seguimento e avaliación do estado das augas superficiais e as normas de calidade ambiental.

A prórroga establecida no punto anterior estará condicionada á evolución do indicador de estado do sistema global das bacías do Xúcar e do Segura, conforme establece a Orde

MAM/698/2007, do 21 de marzo, pola que se aproban os plans especiais de actuación en situacións de alerta e eventual seca nos ámbitos dos plans hidrolóxicos de bacías intercomunitarias. En tal sentido, os organismos de bacía afectados e a Dirección Xeral da Auga do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente deberán constatar que a evolución das achegas de recursos se mantén nas condicións de escaseza que determinaron a necesidade de declarar a seca.

Disposición adicional única. *Gasto público.*

A realización de obras e outras actuacións técnicas que sexan precisas como consecuencia da prórroga da declaración de seca que se establece no presente real decreto deberán ser financiadas de acordo coa normativa vixente e con cargo ao orzamento da Dirección Xeral da Auga.

As medidas incluídas nesta norma non poderán supor incremento de dotacións nin de retribucións nin doutros gastos de persoal.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1.22.^a da Constitución española, que lle atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma.

Disposición derradeira segunda. *Concordancia de preceptos entre os plans hidrolóxicos vixentes e os derogados.*

1. Para os efectos do establecido na disposición adicional segunda do Real decreto 355/2015, do 8 de maio, polo que se declara a situación de seca no ámbito da Confederación Hidrográfica do Xúcar, as referencias feitas aos artigos 8.1, 10.1, 12 e apéndice 6.1 do Plan hidrolóxico do Xúcar, aprobado polo Real decreto 594/2014, do 11 de xullo, entenderanse feitas respectivamente aos artigos 32.1, 10.1, 12 e apéndice 6.1 do vixente plan hidrolóxico aprobado polo Real decreto 1/2016, do 8 de xaneiro.

2. Para os efectos do establecido na disposición adicional segunda do Real decreto 356/2015, do 8 de maio, polo que se declara situación de seca no ámbito da Confederación Hidrográfica do Segura, as referencias feitas aos artigos 23, 33, 26, 48, capítulo IV, e á táboa XI.1 do anexo XI do Plan hidrolóxico do Segura, aprobado polo Real decreto 595/2014, do 11 de xullo, entenderanse feitas respectivamente aos artigos 28, 33, 10, 56, capítulo IV e apéndice 6.1.3 e 6.1.4 do vixente plan hidrolóxico, aprobado polo Real decreto 1/2016, do 8 de xaneiro.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de setembro de 2016.

FELIPE R.

A ministra de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente,
ISABEL GARCÍA TEJERINA